



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A ENTIDADE EL PROGRESO DE LUGO, SL, EDITORA DO XORNAL “EL PROGRESO”, PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte -----, secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 10 de xuño de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 131, do 12 de xullo de 2016).

Doutra parte -----, que actúa en nome e representación da entidade El Progreso de Lugo, SL, en virtude da elevación a público dos acordos sociais, realizados mediante escritura pública do ----- e baixo o número ----- do seu protocolo.

As dúas partes recoñécense mutuamente competencia e capacidade bastante para formalizar este convenio e en consecuencia,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúe a esta, por unha banda, o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas e recursos minerais, artesanía, comercio interior e exterior, consumo, así como a planificación, en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo, das infraestruturas dos servizos empresariais do solo industrial, e por outra, a proposta e execución das directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.



Así mesmo, o impulso a actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e a utilización da biotecnoloxía como técnica da mellora dos produtos forestais.

SEGUNDO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria é o departamento encargado de coordinar a política da Xunta de Galicia en materia de economía, emprego e industria coa finalidade de favorecer o desenvolvemento de cada sector e facer de Galicia unha economía competitiva a nivel nacional e internacional e que pretende achegar á cidadanía galega o coñecemento das actividades que se levan a cabo desde a Xunta de Galicia en materias como o emprego, a industria forestal, a innovación e a dinamización empresarial.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria considera importante a utilización de instrumentos e iniciativas que posibiliten unha acción continuada de sensibilización social e de información sobre os sectores económicos nos que ten atribuídas competencias.

Así, dentro das actuacións previstas para esta finalidade, atópanse todas aquelas accións destinadas á edición e produción de publicacións, espazos na prensa, programas de televisión e radio, organización de actos, conferencias e xornadas.

CUARTO.- A entidade El Progreso de Lugo, SL é unha empresa dedicada á composición e á edición de prensa periódica e é a editora do xornal “El Progreso”.

A entidade El Progreso de Lugo, SL publica habitualmente no seu xornal noticias e informacións de interese para a sociedade galega en xeral que contribúen á divulgación e á promoción da actividade económica; da I+D+i; da industria (incluída a forestal), da seguridade e solo industrial; da enerxía e minas; da artesanía e do comercio interior e exterior e do consumo, das políticas activas de emprego, da política laboral, das actuacións sobre a seguridade e saúde laboral, sobre o cooperativismo e sobre a orientación e a promoción laboral, sobre a eficiencia enerxética, sobre a innovación e a dinamización empresarial fomentando con esta publicación a difusión desta temática entre os cidadáns a través do seu xornal.

A entidade considera importante o desenvolvemento na súa área informativa de temas relacionados coa I+D+i, coa industria e coa enerxía, co comercio interior e exterior, co emprego, coa seguridade e saúde laboral, coa orientación e promoción laboral con referencia á súa situación e incidencia en Galicia.



QUINTO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria (incluída a forestal), do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

SEXTO.- As dúas partes entenden que é importante fomentar, promover e divulgar actividades e información específica relacionada cos ámbitos nos que se desenvolven as competencias da Consellería de Economía, Emprego e Industria e das que, polo seu carácter transversal implican unha acción conxunta do Goberno galego, de xeito que o conxunto da sociedade galega e os sectores económicos afectados teñan unha percepción mellor da situación económica e laboral, das actividades desenvolvidas no ámbito da nosa comunidade autónoma e dos resultados que delas se derivan.

Dado o interese coincidente da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade El Progreso de Lugo, SL, as dúas partes acordan formalizar un convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a entidade El Progreso de Lugo, SL para levar a cabo unha mesa de debate con empresarios, coorganizada pola consellería, sobre un tema de interese económico e empresarial e divulgala no seu xornal nun mínimo de 2 páxinas e elaborar e publicar información sobre materias do ámbito competencial da consellería, xa sexa mediante texto, monográficos ou gráficos, nun mínimo de 4 páxinas.

El Progreso de Lugo, SL, fixa a liña editorial dos citados espazos informativos atendendo aos obxectivos sinalados na cláusula segunda e responsabilizándose dos contidos publicados.

Todos os datos e informacións serán de elaboración propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Non obstante, a Consellería de Economía, Emprego e Industria facilitará os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueloutros que sexan solicitados pola empresa e poderá formular en relación cos datos e informacións as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.



O labor de El Progreso de Lugo, SL no desenvolvemento das accións do acordo de colaboración constitúe unha actividade sen ánimo de lucro pola súa posición de intermediario natural da información da cultura innovadora, industrial e comercial con orixe nos poderes públicos e nos cidadáns.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DO CONVENIO

As actuacións que se especifican na cláusula primeira realizaranse desde o día seguinte ao da sinatura do convenio e ata o 10 de decembro de 2018 cos obxectivos finais de:

- Contribuír á divulgación de iniciativas e proxectos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía, a industria, o emprego, a orientación e promoción laboral e a seguridade e saúde laboral.
- Promover un maior recoñecemento social dos ámbitos nos que ten competencias a Consellería de Economía, Emprego e Industria, en particular, e a Xunta de Galicia, en xeral, difundindo na comunidade autónoma información sobre a industria (incluída a forestal), a eficiencia enerxética, a innovación e dinamización empresarial, o emprendemento, as políticas activas de emprego e as políticas laborais.
- Achegar á cidadanía galega o coñecemento das actividades científicas, económicas e industriais e das iniciativas no eido laboral e do emprego que se desenvolven en Galicia e que resultan a base do seu desenvolvemento económico e do benestar social.
- Ofrecer ao sector empresarial e científico e os traballadores unha ventá na que expoñer e recoller a información de interese que se produza en Galicia nos sectores relacionados coas súas actividades.

TERCEIRA.- CAPACIDADE

El Progreso de Lugo, SL comprométese á presentación, con anterioridade á sinatura do convenio de colaboración, das certificacións de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

Serán obrigas da Consellería de Economía, Emprego e Industria:

- Achegar á entidade El Progreso de Lugo, SL a cantidade de vinte e cinco mil setecentos sesenta e cinco euros e setenta e seis céntimos, IVE incluído, (25.765,76 €) como compensación polos gastos que lle ocasiona ao dito medio de comunicación o desempeño das actividades obxecto do convenio, dado que a consellería considera de interese apoiar a realización de tales accións.



A achega imputarase á aplicación orzamentaria 09.10.731A.640.1 correspondentes a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

- Facilitar os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados pola empresa e poderá formular en relación cos datos e informacións as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Serán obrigas de El Progreso de Lugo, SL:

- Levar a cabo unha mesa de debate con empresarios, coorganizada pola consellería, sobre un tema de interese económico e empresarial e divulgala no seu xornal nun mínimo de 2 páxinas.
- Elaborar e publicar información sobre materias do ámbito competencial da consellería, xa sexa mediante texto, monográficos ou gráficos, nun mínimo de 4 páxinas.
- Ter en consideración as observacións que formule a Consellería de Economía, Emprego e Industria en relación cos datos e informacións a publicar co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.
- Xustificar os gastos derivados deste convenio no prazo e forma sinalados na cláusula sexta.

QUINTA.- DURACIÓN

Este convenio terá unha duración desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e non será susceptible de prórroga. Non obstante o convenio extinguirase por cumprimento se a totalidade do seu obxecto se realizou con anterioridade a tal prazo.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, El Progreso de Lugo, SL entregará á Consellería de Economía, Emprego e Industria antes do 15 de decembro de 2018 a seguinte documentación:

- Un certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da sociedade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia da consellería sobre a que versou a actuación e que se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.



A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral Técnica, aboará a contía fixada na cláusula cuarta contra presentación por El Progreso de Lugo, SL da factura correspondente e trala conformidade da Secretaria Xeral Técnica do cumprimento das obrigas.

A factura ou facturas expediranse a nome da Consellería de Economía, Emprego e Industria (NIF: S-1511001H) e deberán de reunir os requisitos previstos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigas de facturación.

A factura ou facturas presentaranse en formato electrónico a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia regulado na Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2015). O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre el realizarase a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

En todo caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

Procederase a minorar a achega económica concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior ao importe total total do orzamento estimativo que presentou a entidade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para o seguimento do convenio créase unha comisión constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria:

- O secretario xeral técnico ou persoa en quen delegue
- A subdirectora xeral de Coordinación Económica ou persoa en quen delegue

Pola entidade El Progreso de Lugo, SL:

- O/a seu/súa xerente
- O/a director/a do xornal



As funcións da dita comisión de seguimento son:

- Velar polo correcto cumprimento do convenio.
- Resolver as dúbidas e resolver as controversias a que dea lugar a súa interpretación e execución.

OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no seu desenvolvemento.

NOVENA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e formalizarse mediante a correspondente addenda a este convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá modificarse coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver coa correspondente minoración orzamentaria ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causa de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá dirixir á parte non cumpridora un requirimento para que no prazo de dez días naturais asuma as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.



UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.2, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio deberán resolverse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sétima deste convenio. Se non se puidese acadar un acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

DUODÉCIMA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

Estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes asinan dous exemplares del.

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria

Pola entidade El Progreso de Lugo, SL